Luís Villares Naveira e Marcos Cal Ogando, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta escrita.

Cales son os datos de investimentos realizados pola Xunta de Galicia ou as achegas de calquera outra administración para financiar obras de saneamento e abastecemento no concello de Vilagarcía de Arousa no período 2009-2017?

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Marcos Cal Ogando
Deputados do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 02/07/2018 10:15:14

Marcos Cal Ogando na data 02/07/2018 10:15:21

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira e Marcos Cal Ogando, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta escrita.

O pasado 28 de xuño a Consellería responsable informou da detección de niveis de ecoli por riba do permitido en diversas praias de Vilagarcía de Arousa, procedendo a recomendar a non utilización das mesmas polos bañistas que eses días ateigaban os areais.

Por iste motivo dende o Grupo Parlamentario En Marea formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

Cando tivo coñecemento a Xunta desta situación?

Existen datos que permitan identificar a orixe da vertedura?

Quen é o responsable do non izado da bandeira vermella en ditas praias?

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Marcos Cal Ogando
Deputados do G.P. de En Marea



Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 02/07/2018 10:18:29

Marcos Cal Ogando na data 02/07/2018 10:18:39

Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando, Paula Vázquez Verao, Paula Quinteiro Araujo, Julia Torregrosa Sañudo e Manuel Lago Peñas, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta escrita.

As traballadoras do servizo de limpeza da Xunta de Galicia padecen discriminacións nos seus dereitos laborais en comparativa cos seus compañeiros de traballo. Estas traballadoras están contratadas a través do Grupo Norte Agrupación Empresarial de Servicios, S.L.

Esta contrata conta no seu cadro de persoal con 113 mulleres e 17 homes. As desigualdades veñen dadas porque a maioría das mulleres non cobran plus de perigosidade, penosidade e toxicidade, independentemente das labores que realizan, plus que si cobran moitos dos homes.

Así, o establecemento dos pluses que non se contemplan para elas, sendo que traballan cos mesmos produtos químicos, realizan traballos en altura, manexan inxentes cantidades de auga en caldeiros, e teñen as mesmas posibilidades de lesións debido ao manexo de ferramentas e posicións posturais polas tarefas repetitivas que son inherentes ao seu traballo, lesións nas mans, pernas, costas, caídas, etc... e que si que se contemplan para os homes, son unha clara vulneración deste principio de igualdade.

Ademais, as mulleres levan tempo sen posibilidade de ascenso, independentemente dos anos de antigüidade. Ningunha ten recoñecida a categoría de peón especialista, pero si moitos homes.

A diferenza no soldo que non se percibe polos ascensos acada a cifra de 1500 euros anuais, máis do dobre do salario mínimo interprofesional mensual para o ano 2017, cifra que aumenta en 900 euros máis para o caso de sumar só o complemento de perigosidade.

Así mesmo, as traballadoras veñen denunciando o exceso de carga de traballo, xa que non se cubren ausencias de persoal, as baixas por incapacidade temporal e as vacacións.

É intolerable que se produzan estas discriminación. Ademais, as Administracións públicas son as primeiras que deberan ter presentes as diferentes normas existentes en materia de igualdade que amparan as mulleres e os seus dereitos en igualdade de condicións con respecto aos seus homólogos masculinos.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario de En Marea presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

- 1.- Que opinión ten a Xunta de Galicia desta situación de desigualdade entre homes e mulleres que se dá na empresa GRUPO NORTE AGRUPACIÓN EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.?
2. Que medidas vai adoptar a Xunta de Galicia dende a Secretaría Xeral de Igualdade para rematar con esta situación de discriminación por razón de xénero?
3. Ten previsto facer algún tipo de inspección nas empresas concesionarias da Xunta para garantir que non existe fenda de xénero e que se cumpre a lexislación en materia de Igualdade?



4. Vai a Xunta deixar de contratar servizos con empresas que manteñen a fenda salarial entre homes e mulleres?

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando
Paula Vázquez Verao
Paula Quinteiro Araujo
Julia Torregrosa Sañudo
Manuel Lago Peñas
Deputadas e deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 02/07/2018 16:36:54

Paula Vázquez Verao na data 02/07/2018 16:37:02

Paula Quinteiro Araújo na data 02/07/2018 16:37:06

Julia Torregrosa Sañudo na data 02/07/2018 16:37:16

José Manuel Lago Peñas na data 02/07/2018 16:37:28

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O concurso para concesión do transporte aéreo do 061 está na fase de presentación de documentación de preadxudicación, cun recurso contra a valoración dun dos sobres. O concurso está valorado pola Xunta de Galicia nun montante que, tras variar en diversas ocasións con intentos da Xunta de Galicia de rebaixar as contías, sitúase no entorno dos 10 millóns de euros.

O prego de condicións actual contén algunhas diferencias con respecto a concursos anteriores, que poderían afectar tanto ás garantías laborais do persoal, á calidade da atención ou como á posible seguridade dos vós. As condicións técnicas e de viaxe resultan menos concretas e máis flexibles no prego actual, permitindo maior variabilidade nas opcións que as empresas concesionarias poden utilizar, e esta marxe de manobra pode repercutir sobre a capacitación dos pilotos (formación previa), as condicións técnicas nas que voan (número de horas continuado que poden realizar) ou incluso as características dos propios helicópteros (horas de voo acumulado).

Atendendo á necesidade de que a Xunta de Galicia dispoña dun servizo eficiente, optimizado e de plenas garantías tanto sanitarias como de seguridade no transporte, sería importante coñecer coa maior claridade as motivacións dos cambios existentes nas condicións do concurso e poder garantir en base a elas os criterios mencionados.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Pode garantir a Xunta de Galicia que se cumprirán as condicións plenas nos planos sanitario e de seguridade a partir do novo concurso de transporte sanitario aéreo?

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2. Que motivou os cambios no prego de condicións no referente ás condicións esixidas á empresa concesionaria en termos de formación de pilotos, características técnicas dos aparatos e medidas de seguridade e tipo de voo?
3. Considera a Xunta de Galicia que o servizo estará mellor cuberto a partir da súa concesión como resultado deste novo concurso?

Pazo do Parlamento, 29 de xuño de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 03/07/2018 12:10:37

Noela Blanco Rodríguez na data 03/07/2018 12:10:43

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A atención pediátrica na atención primaria supón unha das maiores reivindicacións de carácter local e comarcal nas demandas sanitarias de Galicia. O reducido número de especialistas de pediatría en atención primaria dificulta a posibilidade de incorporar aos necesarios ao sistema de saúde. Non entanto, nos 9 anos de Goberno de Núñez Feijóo non existe unha proposta firme de medidas para paliar este déficit e o problema de falta de profesionais e, por tanto, de alteración na asistencia sanitaria pediátrica, continúa sen que exista previsión de mellora. Existen mecanismos en formación, contratación e planificación que permitirían afrontar de maneira real unha problemática que, doutro xeito, persistirá e enquistará no sistema.

As sociedades científicas e expertos no sistema sanitario apuntan á necesidade de maior oferta formativa en atención pediátrica, con variabilidade de especialidades, e de maneira sinalada a formación en atención pediátrica primaria xa que polo de agora está centrada fundamentalmente na atención hospitalaria. A esta cuestión súmase a política laboral da Xunta de Galicia, habitualmente moi austera nos dereitos e condicións laborais, que enviando á precariedade sen futuro aos/as profesionais de pediatría (así como de outras áreas) que traballan no Sergas, contribúe á ausencia de profesionais que se trasladan a outros sistemas de España ou a outros países como Portugal ou Gran Bretaña. Unha máis eficiente xestión da atención primaria permitiría facilitar o funcionamento optimizado do sistema, habilitando máis funcións para o persoal de enfermería, axilizando trámites e considerando unha planificación da asistencia con maior atención ao anclaxe de poboación a través da garantía de servizos en determinadas zonas.

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Non entanto, a Xunta de Galicia mantén unha política de contratación limitada, recortada e limitadora de dereitos e estabilidade laboral. Non existe unha planificación correcta da distribución de persoal e reposición, cunha moi alta dose de precariedade, e a Xunta de Galicia mantívose sumisa e pouco esixente co Goberno de España dos últimos anos, para conseguir unha maior e mellor oferta formativa

Estas cuestións contribúen a un problema de déficit de profesionais, que para a Xunta de Galicia converteuse nunha escusa e, case, nunha solución para rexeitar as peticións que se trasladan, ben dende un punto de global como específico de localidades, apoiándose nas dificultades de contratación. As recentes medidas de concentración de servizos en torno ás poboacións máis relevantes de cada comarca, por exemplo, apóianse nesta cuestión aínda que se apunten inicialmente como circunstanciais pola redución de servizos no verán. Non entanto existen diversas medidas que se poden iniciar, como as mencionadas anteriormente, pero que o Goberno galego non afronta.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Considera a Xunta de Galicia que a cobertura pediátrica en atención primaria en Galicia está garantida nas mellores condicións posibles?
2. Comparte a Xunta de Galicia a necesidade de conseguir mellorar a calidade da oferta formativa no sentido de incluír maior formación pediátrica en atención primaria?
3. Ten previsto a Xunta de Galicia iniciar un proceso extraordinario de contratación para incorporar ao Sergas ao maior número de pediatras posible?
4. proceso de concentración de servizos pediátricos deste verán vai fixarse como habitual ao pasar o período estival?

Pazo do Parlamento, 2 de xullo de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez

 Grupo Parlamentario

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Julio Torrado Quintela na data 03/07/2018 14:13:17

Noela Blanco Rodríguez na data 03/07/2018 14:13:23

Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga e Luís Villares Naveira, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta escrita.

No informe de cambio climático de Galicia 2012-2015 relátase o investimento nun Plan de vehículos eficientes por unha contía de 692.117€, para a subvención á compra de vehículos eficientes.

Por isto dende o Grupo Parlamentario En Marea formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Que investimento real se ten feito para a subvención de vehículos eficientes no actual mandato?

Que considera o goberno actual como vehículo eficiente?

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Carmen Santos Queiruga

Luís Villares Naveira

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 03/07/2018 17:41:06

Antón Sánchez García na data 03/07/2018 17:41:14

Carmen Santos Queiruga na data 03/07/2018 17:41:22

Luis Villares Naveira na data 03/07/2018 17:41:28

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez, Antón Sanchez García e Paula Quinteiro Araujo, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**, sobre a non dotación de luces prioritarias nos vehículos do SPDCIF como servizo de emerxencias, así como máscaras de protección que solucionen as eivas da protección respiratoria dos e das traballadoras do SPDCIF.

Dende o día 15 de xuño de 2015, o Servizo de prevención e extinción da Xunta de Galicia, forma parte a tódolos efectos dos servizos de emerxencias, tal e como recolle a Lei nacional de protección civil en vigor dende esta data, no seu art. 17.

Como servizo de emerxencias, e como vostedes terán coñecemento, foros dotados – xa por segunda vez consecutiva- de vehículos pick-up, que contan con bomba para a extinción entre outros equipamentos.

Tivemos coñecemento da instrución do Ministerio de interior de 7 de Xuño de 2017 instrución 17/TV-97, sobre circulación de vehículos pick up, baseada na directiva europea 2007/46/CE, onde se indica que os vehículos pick-up que non superen os 3500kg e os dous metros de altura rexeranse, polas normativas de circulación dos turismos.

Dende En Marea manifestamos a vital importancia de baixar o máximo os tempos de reacción xunto coa calidade desta primeira intervención- factores determinantes na extinción temperá dos incendios para poder facer fronte mellor o novo escenario, derivado da nova tipoloxía de lumes .



Dende En Marea volvemos a solicitar a Xunta de Galicia que cumpra tamén o requirimento feito dende inspección de traballo , onde se indica que os vehículos das brigadas do Spdcif dispoñan de luces de prioridade V 1,as cales se van incorporar no estado español a partires do 1 de xullo.

Por outro lado, a Xunta de Galicia ven entregando dende fai anos unhas mascariñas de marca SEYBOL 82ST con filtro (P2)R a cal só filtra partículas sólidas, aerosois, néboas e neblinas tipo2, pero non gases presentes na atmosfera dun incendio tales como por exemplo: Monóxido de Carbono, Dióxido de Carbono, Amoníaco, Cianídrico, isocianatos, acroleinas, etc.

Queremos insistir na necesidade de incorporar inmediatamente un equipo de protección respiratoria axeitada ao traballo a desenvolver polo SPDCIF composta por unha semi máscara adecuada con monofiltro tipo: A1, B1, E1, K1, P3 e NR, os cales protexen os traballadores da maioría dos gases e partículas tóxicas presentes na atmosfera dun lume forestal.

Ademais como xa se falou no subcomité de EPIS íase entregar un equipo de respiración xerador de oxixeno químico para protección en situacións de atrapamento o que garantiría de forma moi importante a vida dos traballadores en circunstancias moi graves.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario de En Marea, formula a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

Cal é o motivo polo que non se equipan axeitadamente, tanto ás brigadas como aos vehículos do SPDCIF?

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2018.



Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araujo

Antón Sánchez García

Deputados e deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 03/07/2018 18:42:29

Antón Sánchez García na data 03/07/2018 18:42:36

Paula Quinteiro Araújo na data 03/07/2018 18:42:44

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, Paula Quinteiro Araujo, Luís Villares Naveira e Marcos Cal Ogando, deputadas e deputados pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do artigo disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta escrita

Os Punto de Encontro Familiar (PEF), regulados no Decreto 96/2014, do 3 de xullo, son un equipamento destinado a facilitar e preservar a relación entre menores e persoas das súas familias en situacións de crise, procurando a seguridade e benestar das e dos menores.

Os puntos de encontro familiar constitúen un equipamento social, de carácter neutral, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente, que ten por obxecto favorecer a relación entre as e os menores e as súas familias cando nunha situación de separación, divorcio, nulidade, tutela ou calquera outro suposto de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas se vexa interrompido ou o seu cumprimento resulte difícil ou conflitivo.

A intervención dos puntos de encontro familiar terá carácter temporal e desenvolverana profesionais nun lugar neutral e terá como obxectivo principal a normalización da situación conflitiva.

Na provincia de Lugo só existe un PEF para toda a provincia, obrigando ás persoas das comarcas da Mariña e ás do sur de Lugo a facer longos desprazamentos, en ocasións, varias veces á semana, para as visitas estipuladas no PEF.

A Xunta considera que a rede de PEF de Galicia é “suficiente para atender a demanda existente dos xulgados e dos servizos de menores da Xunta de Galicia”, non obstante, reconece que “se está estudando a posibilidade de ampliar a rede co fin de estendela no territorio e así dar cobertura a poboacións importantes cuxos habitantes teñan que desprazarse para o cumprimento do réxime de visitas”.

O PEF de Lugo atópase na Canella da Deputación, unha zona mal iluminada e con pouca accesibilidade.

Ademais, igual que outros PEF, ten falta de material e de recursos humanos. Esta falta de recursos evidénciase na situación que se vai vivir no verán, cando o PEF de Lugo pechará durante a primeira quincena de agosto.

A xestión dos PEF está externalizada – o de Lugo, está xestionado pola Asociación Dignidade - e a realidade é que a Xunta non garante unha cobertura deste servizo en todas as comarcas galegas durante todo o ano de xeito regular nin ofrece unha atención estandarizada en todo o territorio.

Polo exposto, as deputadas e deputados que subscriben preguntan á Xunta:

1. Ten intención de aumentar os PEF na provincia de Lugo?
2. Coñece a situación de falta de medios e persoal do PEF de Lugo?
3. Vai garantir a Xunta a dotación orzamentaria suficiente para o mantemento do PEF de Lugo, así como dos novos PEF que se crearan na provincia no futuro, garantindo o seu funcionamento durante todo o ano?



4. Vai a Xunta achegar fondos para a mellora das instalacións e entorno do PEF de Lugo.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Paula Quinteiro Araujo

Luís Villares Naveira

Marcos Cal Ogando

Deputadas e deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 03/07/2018 18:59:15

Paula Quinteiro Araújo na data 03/07/2018 18:59:22

Luis Villares Naveira na data 03/07/2018 18:59:29

Marcos Cal Ogando na data 03/07/2018 18:59:37

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez e Antón Sánchez García, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**, sobre información que se lle nega ao Comité de Acoso Laboral sobre unha demanda de dous Axentes Medio Ambientais do DF XIX.

A Consellería de Facenda e a Dirección Xeral da Función Pública contan dende hai pouco tempo cun Comité de Acoso laboral ligado o Servizo de Prevención de Riscos laborais da Xunta de Galiza para xestionar as demandas que afecten o seu persoal funcionario e laboral.

En Setembro de 2017 tivo entrada nese Comité unha demanda de dous funcionarios da Escala de Axentes Facultativos Medioambientais da Consellería de Medio Rural adscritos o Distrito Forestal XIX de Pontevedra, por situación de acoso laboral do Xefe dese Distrito.

En varias ocasións os dous funcionarios foron chamados para aportar tódalas probas necesarias, estando sempre presente nos interrogatorios unha representante dos sindicatos.

Dende o mes de Febreiro do presente ano 2018 vense solicitando dende ese comité, información sobre o proceso tendo como resposta nese mes que xa estaba resolto pendente de comunicar. O feito é, que estando no mes de Xullo (9 meses dende o inicio) non houbo resolución, circulando o rumor de que “nalgúñas instancias de Función Pública ou de Medio Rural non estaban de acordo coa mesma por afectar negativamente o Xefe de Distrito”.



Por todo o exposto anteriormente, e pola indefensión que sofren as persoas demandantes, dende o grupo Parlamentar de En Marea, formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Cal é o motivo pola que non se traslada toda a información que ten solicitado o comité si xa está resolto tal e como afirman?

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2018

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 03/07/2018 19:16:54

Antón Sánchez García na data 03/07/2018 19:17:02



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/07/2018 10:41
Nº Rexistro: 33126
Data envío: 04/07/2018 10:41:55.482

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás medidas a tomar diante do peche durante do verán do consultorio médico de Cabo de Cruz en Boiro.

A sanidade pública de Galiza está en estado de auténtica emerxencia como consecuencia das políticas do PP. Unha situación de deterioro xeneralizado na que a Atención Primaria de Galiza está sendo unha das principais damnificadas das nefastas políticas do Partido Popular. Desde o regreso ao goberno da Xunta do PP no ano 2009 todos as decisións tomados foron en detrimento dunha Atención Primaria como o eixo fundamental do sistema sanitario, como “a porta de entrada”, como elemento de coordinación clave para que o modelo sexa sostíbel.

Masificación de consultas, cupos de profesionais por enriba do establecido, redución de profesionais, non substitución nin por xubilación, nin vacacións nin ILT, nin outro tipo de licenzas ou permisos, as listas de espera xa son habituais, peche de axendas, colapsos, profesionais que ao ter que acudir a algunha urxencia teñen que deixar as súas consultas abandonadas durante horas, listas de espera de ata unha semana...



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/07/2018 10:41
Nº Rexistro: 33126
Data envío: 04/07/2018 10:41:55.482

Non se trata de “casos puntuais” como queren facernos crer @s responsábeis do Sergas, senón que son as consecuencias de decisións que levan ao deterioro estrutural da Atención Primaria, decisións non inocentes, senón que son froito dunha escolla ideolóxica.

O Centro de saúde de Cabo de Cruz responde á situación que se acaba de describir. A política do Sergas de non substitución do persoal, nin nos seus permisos, nin vacacións está a ter como consecuencia a redución de servizos e unha sobrecarga asistencial brutal.

Un ano máis, o centro médico do Cabo da Cruz no concello de Boiro queda sen facultativo durante os meses do verán, concretamente desde o 11 de xuño até o 30 de setembro de 2018, afectando isto a máis de 4000 veciños e veciñas.

Ante esta circunstancia a veciñanza do Cabo da Cruz será atendida no centro de saúde do Saltillo. Isto supón un grande trastorno sobre todo para a xente maior, dado que non se pode desprazar con facilidade.

Debemos ter en conta que a poboación do Cabo da Cruz e de Boiro en xeral, aumenta considerablemente durante a época estival, eliminando este punto de atención médica, o que provoca é unha sobrecarga no centro saúde do Saltillo.

Os usuarios do centro médico do Cabo da Cruz, entenden que un médico poida estar de vacacións ou de baixa, o que non entenden é que non se cubran estas coa substitución pertinente.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/07/2018 10:41
Nº Rexistro: 33126
Data envío: 04/07/2018 10:41:55.482

En anos anteriores, desde a Consellería de Sanidade, utilizaban a desculpa da crise para manter este centro pechado durante os meses do verán, agora o Goberno do PP na Xunta usa como escusa a falta de médicos, que en todo caso é consecuencia da súa nefasta política laboral, da precariedade e do maltrato ao que somete aos e ás profesionais.

Dende o BNG, vemos como a Consellería de Sanidade non toma este asunto con seriedade e rigor, en lugar de mellorar estes servizos médicos próximos á cidadanía, o que fai e recortalos.

Polas razóns expostas formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Vai a Xunta a proceder á substitución do facultativo do centro médico de Cabo de Cruz de xeito que permaneza aberto tamén durante os meses de verán e polo tanto poida prestar a asistencia sanitaria aos veciños e veciñas que son atendidos neste centro o resto do ano?

-Ata onde están dispostos a chegar na política de recortes na sanidade pública galega?

-Considera o Goberno galego que se pode prestar unha asistencia sanitaria de calidade cando os e as profesionais teñen que asumir o traballo propio e o dos/as compañeiros/as que non son substituídas/os?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/07/2018 10:41
Nº Rexistro: 33126
Data envío: 04/07/2018 10:41:55.482

-É consciente dos prexuízos que lle causa aos veciños e veciñas de Cabo de Cruz, sobre todo ás persoas maiores que teñen máis dificultades para desprazarse, a decisión de non substituír ao facultativo e pechar o centro de saúde?

-Coida que o persoal do Centro de Saúde do Saltillo pode asumir a sobrecarga asistencial que se deriva desta decisión sen que se resinta a calidade asistencial?

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 04/07/2018 10:40:32



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/07/2018 10:41
Nº Rexistro: 33126
Data envío: 04/07/2018 10:41:55.482

Ana Pontón Mondelo na data 04/07/2018 10:40:37

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/07/2018 10:40:38

Olalla Rodil Fernández na data 04/07/2018 10:40:40

Noa Presas Bergantiños na data 04/07/2018 10:40:42

Xosé Luis Bará Torres na data 04/07/2018 10:40:44

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Banco de España acaba de publicar a débeda pública segundo o protocolo do déficit excesivo (PDE) para todas as administracións públicas, recollendo no seu capítulo 13 a débeda para as comunidades autónomas.

Os datos publicados sobre a evolución da débeda para a nosa Comunidade Autónoma poñen de manifesto que a débeda galega era no ano 2005 de 3.381 millóns de euros, en 2008 era de 3.954 millóns de euros e no primeiro trimestre do 2018 é de 11.750 millóns de euros, a contía máis elevada en toda a historia da Autonomía galega.

O que supón que dende 2008, en dez anos, o incremento bruto foi de 7.796 millóns de euros (197,17 %), sendo o incremento neste último ano de 168 millóns de euros (1,4 %), e de 540 (4,81 %) millóns de euros respecto do IV trimestre do ano 2017.

Ás cifras anteriores, poderíanselle incluso aumentar as cantidades por compromisos e obrigas derivadas dos contratos de colaboración público – privados, que ascenden a máis de 2.500 millóns de euros, así como outras contías por débedas a longo prazo das empresas públicas (superiores aos 13 millóns de euros recoñecidos nos datos do Banco de España) ou por prestación dalgúns servizos públicos. Polo que o montante total se achegaría aos 15.000 millóns de euros.

Unha débeda que o Goberno actual deixará para os futuros executivos autonómicos, constituíndo unha alarmante e pesada herdanza, moi lonxe da moito máis tolerable que se atopou o actual presidente da Xunta de Galicia cando accedeu a ese cargo.

 Grupo Parlamentario

Á vista destes datos, a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª.) Cales son as causas polas que se ten chegado a este nivel tan elevado de endebedamento?

2ª.) Canto é o total da débeda da Xunta de Galicia nas súas diversas modalidades (con entidades financeiras entre outras)?

3ª.) É consciente o Goberno galego da negativa repercusión destas débedas para os gobernos futuros de Galicia?

Pazo do Parlamento, 4 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/07/2018 11:37:55

Abel Fermín Losada Álvarez na data 04/07/2018 11:37:59



Á MESA DO PARLAMENTO

David Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández e Paula Vázquez Verao, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**, sobre a prestación do servizo de pediatría no Centro de Saúde da Pobra de Trives no período de época estival.

A poboación galega caracterízase por unha serie de características como poden ser o despoboamento, illamento, dispersión xeográfica, problemas de mobilidade, carencia de recursos e servizos básicos, etc.

Esta situación vese favorecida polas políticas de desmantelamento do rural do Partido Popular e o seu progresivo estrangulamento dos servizos públicos neste contexto, que obriga á cidadanía a emigrar (cara as cidades...), perder dereitos e ter que deixar de vivir onde residiron sempre cando, a gran maioría da poboación maior o que quere é permanecer nos seus fogares o maior tempo posible.

Un claro síntoma dese estrangulamento do rural é o desmantelamento da atención sanitaria, como se pode comprobar en calquera lugar da xeografía galega, estrangulamento que se agrava dende que se aproba o Anteproxecto de Modificación da Lei de Saúde de Galicia.

A atención sanitaria no rural ten graves eivas, como se pode constatar na provincia de Ourense, nos centros de saúde do rural ourensán, situación que se ve agravada pola falta dun adecuado transporte público nas comarcas, o que provoca que a veciñanza, sobre todo a xente maior, se vexa obrigada a coller taxis e gastar cartos en desprazarse aos centros de saúde ou hospitais, servizos esenciais e que cada vez están máis afastados dos seus domicilios.



O dereito máis básico é o dereito á saúde, porque sen saúde non existen os demais dereitos, pero no medio rural, aos problemas de desprazamento engádenselle outros asociados, como son as eivas na atención aos centros de saúde ou as urxencias, nomeadamente, a época estival.

En centros de saúde do rural como poden ser o de Pobra de Trives, Manzaneda ou San Xoán de Río adoitan darse dificultades coa atención, derivadas dos recortes levados a cabo polas políticas do Partido Popular.

O último capítulo: a Xunta de Galicia leva a cabo unha reestruturación temporal da Atención Primaria para o período estival afectando directamente a prestación do servizo de pediatría no Centro de Saúde da Pobra de Trives, servizo xa con unha eiva importante no horario e días de atención, anunciando que se **suprime o servizo de pediatría** deste centro.

A solución ofrecida?: A Xunta de Galicia decide agrupar o servizo de pediatría en centros de saúde de referencia, isto é, derivar as cativas e cativos o Centro de Saúde de Maceda, onde se atoparía o pediatra, ou o Centro de Saúde da Rúa.

Co Concello de Maceda, ao que habería que acudir necesariamente se o que se pretende é unha revisión pediátrica, non hai ningunha liña de autobús activada na actualidade.

Co Concello da Rúa, existe unha única posibilidade: Saída ás 6:40 h da mañá da Pobra de Trives con volta única ás 18:30 da tarde.

Estes desprazamentos ocasionan innumerables molestias que non debería sufrir a nosa veciñanza por unha falta de planificación adecuada por parte da Administración sanitaria, sen que sexa escusa o feito de que, en caso de dificultades de desprazamento, poidan ser atendidos os menores por un médico de familia, pois evidente é que aqueles teñen enfermidades específicas,



tratamentos diferenciados, e que en resumo, para iso existe unha especialidade médica concreta para a súa atención.

Desde En Marea defendemos o respecto e a atención á cidadanía independentemente de onde residan así como o dereito das persoas a permanecer nos seus domicilios, no seu entorno, se así o desexan, todo o tempo que poidan. O rural precisa recursos e garantías de atención.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario de En Marea, realiza a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

- 1.- Cal é o motivo polo que se suprime o servizo de pediatría no Centro Médico de Pobra de Trives na época estival?
- 2.- Ten pensado a Xunta dar marcha atrás nesta decisión e garantir así o servizo de pediatría no Centro Médico de Pobra de Trives de inmediato?
- 3.- É consciente a Xunta de Galicia do prexuízo ocasionado a nenos e nenas, nais e pais, e demais familiares, cas decisións que están a tomar?
- 4.- Cando o Presidente da Xunta de Galicia nos falaba no seu debate de investidura da lexislatura do rural... referíase realmente a isto? A supresión dos servizos básicos?

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez
Paula Vázquez Verao
Eva Solla Fernández
Deputado e deputadas do G.P. de En Marea



Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 04/07/2018 11:45:46

Paula Vázquez Verao na data 04/07/2018 11:45:54

Eva Solla Fernández na data 04/07/2018 11:45:57



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/07/2018 12:29
Nº Rexistro: 33141
Data envío: 04/07/2018 12:29:14.437

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Lonxe de adoptarse medidas correctoras, que se están a demandar desde hai tempo por diversos sectores sociais e institucións –trasladadas polo BNG a este Parlamento- ao respecto do deterioro progresivo na infraestrutura e servizos da liña do ferrocarril de cercanías Ferrol-Ribadeo; a situación está a agravarse até extremos que fan visualizar que estamos nun proceso claramente premeditado.

Só así pode entenderse o acontecido, sen ir máis lonxe, o pasado día 2 do presente mes de Xullo, no que se produciron supresións nos seguintes servizos:

Luns 2 xullo:

-Ribadeo-Ferrol, servizo das 10:45 suprimido.

-Ferrol-Oviedo, servizo das 8:20 suprimido.

-Ademais, desde as 17:30 quedaron suprimidas totalmente as cercanías Ferrol-Ortigueira, o que supuxo suprimir un total de 24 servizos entre Ferrol e Xuvia, San Sadurniño e Cerdido, contando cós servizos de volta das localidades enumeradas á Ferrol.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/07/2018 12:29
Nº Rexistro: 33141
Data envío: 04/07/2018 12:29:14.437

Todas as incidencias foron provocadas por avarías/ausencia de material rodante.

Reseñar que, Renfe licitou o ano pasado a reforma de 8 unidades 2400 (prestan servizo por toda a cornixa cantábrica, hai 4 unidades destinadas a Galiza, normalmente realizan servizos rexionais) das que só 1 está en circulación reparada. Teñen agora mesmo 3 unidades en talleres, o que provoca continuadas supresións; dado que, en lugar de facer as reformas progresiva e ordenadamente, faise sen ningún tipo de organización, provocando supresións por falta de material.

Estes recentes feitos non son illados, xa que veñen a sumarse ás deficiencias estruturais que se están a denunciar desde hai tempo: falla de renovación nunha maquinaria caduca, desatención ao mantemento dos apeadoiros, inexistencia de interventores nos trens (cos problemas de seguridade que pode acarrexar) etc... E todo isto, perante a inacción da Xunta, Renfe e Fomento; alleos ás reivindicacións sociais e institucionais perante unha situación que resulta verdadeiramente caótica.

Á vista da situación fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-É consciente a Xunta da situación caótica que tanto no referente a maquinaria e mantemento rexistra a liña ferroviaria Ferrol-Ribadeo?

-Coñece a Xunta as razóns das incidencias que se viñeron producindo no servizo o pasado día 2 do presente mes de Xullo?

-Ten previsto adoptar a Xunta –no marco da comisión creada con Fomento e Renfe- algunha medida para esixir medidas urxentes para abordar as deficiencias estruturais existentes na liña Ferrol-Ribadeo?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/07/2018 12:29
Nº Rexistro: 33141
Data envío: 04/07/2018 12:29:14.437

-Valora a Xunta a necesidade de solicitar a transferencia dos servizos ferroviarios desta liña, para garantir os servizos de viaxeiros e mercadorías das zonas afectadas)

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2018

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 04/07/2018 12:28:25

María Montserrat Prado Cores na data 04/07/2018 12:28:30

Ana Pontón Mondelo na data 04/07/2018 12:28:31

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/07/2018 12:28:33



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/07/2018 12:29
Nº Rexistro: 33141

Data envío: 04/07/2018 12:29:14.437

Noa Presas Bergantiños na data 04/07/2018 12:28:34

Xosé Luis Bará Torres na data 04/07/2018 12:28:39

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Abel Losada Álvarez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

No ano 2009, a UE aprobaba unha Directiva (do Parlamento Europeo) sobre uso de praguicidas e a saúde humana, directiva que logo o Real decreto 1311/2012, do 14 de setembro, incorporou á lexislación española. O artigo 30 deste real decreto fai referencia á precisa priorización de produtos fitosanitarios para evitar a contaminación das augas, de maneira que, cando xurda un risco, se dará prioridade ao uso de produtos fitosanitarios non clasificados como perigosos para o medio acuático.

A mesma Sociedade Galega de Historia Natural ten manifestado a diferentes institucións a súa preocupación polas fumigacións indiscriminadas e aplicacións masivas de fitosanitarios de acción herbicida, tendo en conta, fundamentalmente, as especiais características do rural galego (explotacións agrícolas familiares para autoconsumo, multitude de mananciais e pozos empregados para consumo humano, gando en réxime extensivo ou explotacións apícolas dispersas). Di a SGHN que, aínda que habitualmente se aplica unha mestura de varios produtos, o herbicida máis utilizado nestes tratamentos é o glifosato, respecto ao que existen dúbidas razoables sobre a súa presunta inocuidade segundo os últimos estudos da OMS: “Hai probas convincentes de que o glifosato pode causar cancro en animais e hai probas limitadas de carcinoxenicidade en humanos (linfoma no Hodgkin)”.

Tanto é así, que nos concellos de A Guarda, Tomiño e Oia o uso do glifosato está prohibido por ordenanzas municipais. Non obstante, na estrada de titularidade autonómica AG-42 (vía de alta capacidade) utilizouse o glifosato o día 27 do pasado mes de xuño, pese a previsións de chuvias e a recomendación de non usalo.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Vai abandonar o Goberno galego o uso de herbicidas con glifosato en lugares públicos e substituílos por métodos alternativos non contaminantes nin perigosos para a saúde e o medio ambiente?
2. Son coñecidas pola Xunta de Galicia estas fumigacións indiscriminadas?
3. Son autorizadas pola Xunta de Galicia estas fumigacións indiscriminadas?
4. Foron realizadas con produtos autorizados pola lexislación vixente?
5. Sabe o Goberno galego que na estrada de titularidade autonómica AG-42 (vía de alta capacidade) se utilizou glifosato o día 27 do pasado mes de xuño, pese a previsións de chuvias e a recomendación de non usalo?

Pazo do Parlamento, 4 de xullo de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Abel Losada Álvarez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 04/07/2018 13:05:19

Abel Fermín Losada Álvarez na data 04/07/2018 13:05:25

Raúl Fernández Fernández na data 04/07/2018 13:05:30



 **Grupo Parlamentario**

María Luisa Pierres López na data 04/07/2018 13:05:35

Partido dos
Socialistas
de Galicia



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 26050**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luísa Pierres López e outros/as deputados/as máis, sobre **“a opinión do Goberno galego referida ao desenvolvemento na actualidade das medidas e actuacións precisas para o cumprimento da Lei orgánica 3/2007, no referido á presenza das mulleres nos consellos de administración das empresas públicas e, en especial, nos das autoridades portuarias de Galicia, así como a efectividade neles do dereito constitucional á igualdade entre mulleres e homes, e as actuacións previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 264 do 21 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Cómpre lembrar que a Lei orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes leva vixente dende fai 11 anos.

Tamén é certo que a norma que regula a composición dos Consellos de Administración das Autoridades Portuarias - *Real Decreto Legislativo 2/2011, de 5 de septiembre, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley de Puertos del Estado y de la Marina Mercante*- non fala para nada da igualdade nin paridade na composición.

No que respecta aos postos que designa a Xunta de Galicia nestes consellos de administración, a representatividade feminina ten mellorado nos últimos anos:

- En Vigo, as mulleres pasaron de ser o 8% antes de 2009 a ser o 20% na actualidade.
- En Vilagarcía, as mulleres pasaron de ser o 4% antes de 2009 a ser o 25% na actualidade, sendo a única Autoridade Portuaria presidida por unha muller.
- É destacable o caso da Coruña, onde o 80% dos postos de nomeamento da Xunta

son mulleres.

En definitiva, todas as APs aumentaron porcentualmente a presenza das mulleres desde a chegada do actual Goberno da Xunta, pero parécenos necesario seguir mellorando a incorporación de máis mulleres aos consellos de administración das Autoridades Portuarias.

Ademais, deberíamos estender esta petición a todos os ámbitos de representación dos consellos, tanto públicos como privados, especialmente gran parte dos concellos galegos que contan con Autoridade Portuaria, que tamén elixen representantes propios, e nos que a porcentaxe de mulleres é moito menor aos datos da Xunta de Galicia. ”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2018 10:10
Nº Rexistro: 33064
Data envío: 03/07/2018 10:10:57.935

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/07/2018 10:10:54



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 26846**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as xestións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coa comercialización dos produtos do mar e a incidencia que van ter nela, a súa valoración referida ao estado de asociación das lonxas das provincias da Coruña e Lugo ao selo de calidade "pescadeRías", así como a existencia de cooperación entre a Consellería do Mar e o resto das consellarías para reforzar os programas de innovación e comercialización deses produtos”**, (publicada no BOPG número 272 do 7 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar da Xunta de Galicia traballa arreo para mellorar as posibilidades de pesca da nosa frota, e dende logo, a comercialización dos produtos do mar. Neste senso, é un feito o incremento da facturación da frota galega, así como o incremento das exportacións dos produtos pesqueiros transformados.

Para isto están as inversións, primeiro para mellorar a calidade da produción pesqueira e da acuicultura, e a continuación o labor de transformación. E ademais están os orzamentos adicados á promoción e á mellora da comercialización, incidindo para obter ese incremento de vendas.

En relación coa marca pescadeRías que busca a protección e promoción dos produtos mariños procedentes da pesca artesáns e sustentable na costa galega, é de destacar que se pasou de certificar en 2008 416.6257 kg a 14.932.010 kg en 2017, o que é unha mostra da aposta que se fixo por esta marca.

É de destacar que o 83% do berberecho de Galicia está certificado en pescadeRías, ou un 81% da vieira, un 63% da ameixa rubia, un 59% da navalla, un 58% do ourizo, un 53% da ameixa xaponesa, entre outros.

Neste momento as lonxas certificadas son 36. Son lonxas que teñen vendas de frota de baixura de importancia, polo que optan por certificarse, nun intento de diferenciarse. É unha decisión voluntaria da propia lonxa.

No caso da lonxa de Cedeira está en pleno proceso de certificación, ao igual que a lonxa de Ribeira. Nese senso xa teñen ambas as dúas data de auditoría.

No caso da provincial de Lugo hai que ter en conta que, das lonxas actualmente en funcionamento, a que ten máis importancia para a baixura é precisamente a de Burela.

Con relación ao orzamento pescadeRías, a Consellería do Mar ten asinado ata o 2020 un contrato para a xestión e a certificación do marca que supón un investimento de 366.484 euros.

Por último, destacar que a Consellería do Mar e a Universidade de Santiago de Compostela asinaron un convenio de colaboración para levar a cabo a incorporación e uso da marca pescaenverde xunto coa marca pescadeRías, ¿de onde se non?.

Pescaenverde é unha ecoetiqueta desenvolvida pola Universidade de Santiago de Compostela-USC que permite calcular a Pegada de Carbono e Taxa de Retorno Enerxética adaptada a cada tipo de frota e modalidade de pesca. Nesta liña, ambas marcas se complementan por ser a pegada de carbono vencellada á pesca artesanal mínima.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32968
Data envío: 29/06/2018 15:02:42.207

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/06/2018 15:02:39



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 27335**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación coas consecuencias que está a ter a autorización da extracción da mexilla e doutras especies nas zonas de especial sensibilidade para o percebe e as súas previsións respecto de establecemento nelas de zonas exentas desa extracción”**, (publicada no BOPG número 278 do 16 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Existe unha cartografía elaborada polo CETMAR denominada ‘Cartografía de recubrimiento de Mejilla y Percebe en el Tramo de la Costa entre Fisterra e A Guarda’

Con data de 18.03.2015 a Secretaria Xeral do Mar, por nota interior, remite á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro documentación referente a zonas de protección percebe-mexilla da Federación Galega de Confrarías de pescadores.

Revisados os plans de xestión de percebe para 2018, só 3 plans contemplan propostas relacionadas coa mexilla:

1. Plan conxunto de xestión das confrarías de Mera, Lorbé, Sada e Ares que solicitan a prohibición de extracción de mexilla nas pedras dos bancos do plan
2. Plan de xestión da confraría de Caión que solicita a regulación da extracción de mexilla en zonas sometidas a plan
3. Plans de xestión de Baiona a pé e flote da confraría de Baiona: solicitan a xestión da extracción da confraría e a poxa en lonxa.

Como conclusión, en base os informes que constan na citada dirección xeral, estaríamos en disposición de modificar a Orde de 26 de outubro de 2000 que ten por obxecto regular o abastecemento de viveiros con semente de mexillón procedente de banco natura, as habilitacións, zonas e períodos de extracción e cantidades máximas a extraer en cada zona, respecto a exclusión de zonas na que a prevalencia de percebe así o aconsella.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32967
Data envío: 29/06/2018 15:02:35.098

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/06/2018 15:02:19



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 27816**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e don Luís Villares Naveira, sobre **“a realización polo Goberno galego do estudo comprometido para a execución de melloras no Porto Chico de Foz ou, se é o caso, o prazo estimado para ese fin, e as súas previsións respecto da dotación das partidas orzamentarias necesarias para a mellora do seu calado e abrigo, así como dalgunha praza de amarre máis aos portos desa localidade no ano 2018, a maiores das 40 proxectadas”**, (publicada no BOPG número 281 do 22 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar traballa de xeito permanente cun equipo específico de persoal de Portos de Galicia destinado en exclusiva a esta tarefa, na tramitación das dragaxes que se estiman necesarias no conxunto dos 122 portos autonómicos. No caso de Foz, nas últimas dúas lexislaturas executáronse dúas obras de dragaxe cun importe total de 700.000 euros. Así mesmo, a terceira dragaxe do porto de Foz dará comezo este mesmo mes, cun orzamento de máis de 500.000 euros.

Esta actuación dá resposta ás demandas trasladadas polo Concello e o sector en Foz que centraron en todo momento a súa petición na dragaxe do peirao principal, pese a por suposto non descartar máis actuacións no municipio.

Polo tanto, Portos de Galicia deu prioridade ás demandas do sector no municipio, as asociacións e ao Concello, actuando coma sempre na procura do consenso e, por iso, este mesmo mes acometerá as obras de dragaxe.

Porén, como xa se dixo, a Consellería do Mar non limita a esta dragaxe as súas actuacións na procura de respostas ás necesidades portuarias de Foz. Por este motivo, en paralelo á tramitación da actuación máis urxente, a dragaxe que comezará de xeito inminente, iniciou tamén os estudos necesarios para unha futura dragaxe en Porto Chico.

A este respecto cómpre lembrar que se trata dunha zona xeográfica cunha tramitación ambiental especialmente complexa e rigorosa dado que no estuario focense converxen tres catalogacións ambientais europeas: Lugar de Interese Comunitario (LIC), Zona de Especial Protección Ambiental (ZEPA) e Rede Natura. As precaucións requiridas por unha actuación destas características alongan os procesos de tramitación previos a calquera proxecto de repercusión medioambiental, como é unha dragaxe, nesta zona. Tendo presentes estas restricións, Portos de Galicia ten realizado unha batimetría na zona de Porto Chico co obxectivo de establecer as condicións das dinámicas do fondo mariño na zona e a acumulación de sedimentos. Estes estudos servirán de base para os trámites ambientais necesarios para a dragaxe.

En definitiva, os trámites previos para a dragaxe de Porto Chico son unha mostra máis do compromiso da Consellería do Mar co porto de Foz e o conxunto da Mariña, que no caso desta localidade, dende 2011 téñense tramitado 3 dragaxes por importe de máis de 1,2 millóns de euros. Á súa vez, e coa urxencia que require a actividade comercial e pesqueira nos peiraos autonómicos, Portos de Galicia está a impulsar outras dragaxes de urxencia para a Mariña como as do porto de Ribadeo e Celeiro-Viveiro, cuxa execución resulta absolutamente prioritaria para a Consellería do Mar pola súa repercusión sobre a actividade profesional portuaria.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2018 10:10
Nº Rexistro: 33063
Data envío: 03/07/2018 10:10:50.576

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/07/2018 10:10:46



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 28425**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a realización pola Consellería do Mar dalgún estudo das doenzas máis comúns e habituais que padecen as mulleres redeiras, se é o caso, os seus resultados ou as previsións ao respecto e as xestións que vai desenvolver para a súa prevención, así como as levadas a cabo para a súa consideración polo Ministerio dee Emprego e Seguridade Social como enfermidades profesionais”**, (publicada no BOPG número 287 do 4 de abril de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar sinala que son diversos os departamentos da Xunta de Galicia que levaron a cabo estudos sobre esta problemática.

Entre eles, podemos destacar o estudo realizado no ano 2012 polo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral xuntamente coa Consellería de Sanidade e titulado ‘Estudo de Saúde Laboral das redeiras de Galicia’ e outro titulado ‘La vigilancia de la Salud en el Sector pesquero’, feito polo citado Instituto e polos seus homólogos do Principado de Asturias, Cantabria e País Vasco.

O máis importante, pola extensión e a precisión do seu contido, é o titulado ‘Estudo Epidemiolóxico: Redeiras e percebeiros a pé’, feito pola propia Xunta de Galicia a través do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

Por último, destacar a ‘Guía de Boas prácticas. ISSGA. Saúde laboral’ do 2017.

A maiores, non debemos esquecer que o Parlamento de Galicia, mediante a Lei 14/2007, procedeu á creación do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, fixando no artigo 2 como un dos seus ámbitos de actuación levar ‘a cabo actividades de promoción da

prevención dos riscos laborais en relación coas traballadoras e os traballadores por conta propia e co conxunto da poboación...' Dentro dos seus fins está a 'coordinación e xestión das políticas que nas materias de seguridade, hixiene e saúde laboral establezan os poderes públicos da Comunidade Autónoma, para a mellora das condicións de traballo co obxecto de eliminar ou reducir na orixe os riscos inherentes o traballo..'

Para o cumprimento destes fins o Instituto realiza funcións de asesoramento e control das accións técnico preventivas dirixidas a diminución dos riscos laborais, dos accidentes de traballo e das enfermidades profesionais.

Polo tanto, este Instituto é o ente da Xunta de Galicia especializado na seguridade e na saúde laboral, resulta lóxico por tanto que os estudos sobre as materias sinaladas contén coa participación activa do citado ente e elo con independencia da Consellería que faga o encargo do estudo, pois o importante é sempre que se fagan este tipo de estudos e a través de entes dependentes da Xunta de Galicia. O certo, a vista do anteriormente sinalado, é que a materia das doenzas das redeiras foi obxecto de diversos estudos e traballos feitos polo citado especializado Instituto.

En relación cos resultados dos estudos, e partindo do exame do Estudio Epidemiolóxico do que falamos, destacan as seguintes conclusións (páx 115 e 116) e que podemos resumir do seguinte xeito:

- Mais da metade das redeiras consultadas no referido estudo teñen diagnóstico de trastorno músculo-esquelético (TME) na columna, cunha maior afectación na zona cervical. Despois da columna, a maior prevalencia do dito trastorno se observa nas extremidades superiores (30% segundo diagnóstico) fundamentalmente pola afectación nos ombreiros. O TME nas extremidades inferiores baixa ao 5% dos casos. Respecto das patoloxías dexenerativas ou reumáticas, o 9% manifestou padecer enfermidades reumáticas e o 33% de carácter dexenerativo. A maiores: agudeza visual estaba diminuída nun 74%, a audiometría e a espirometría foi normal entre o 71 e o 96% dos casos. O electrocardiograma non presentou alteracións no 85% dos

- casos e as alteracións analíticas máis frecuentes foron a dislipemia e o aumento de glucemia e afectación da serie roxa.

En definitiva, entendemos que a través destes estudos téñense fixados tanto as condicións nas que as redeiras realizan o seu traballo, os elementos que inciden na realización do mesmo e as patoloxías que afectan a dito colectivo.

Tampouco pode obviarse o feito de que o ISSGA, como xa dixemos, presentou no 2017 unha Guía das boas practicas na prevención de riscos laborais que contén unha completa e axeitada información sobre os riscos que levan aparelados a actividade de redeira e consellos para evita-las patoloxías e os riscos.

Por outra banda, debemos sinalar que unha hipotética reforma do catálogo de enfermidades profesionais, regulada no Real Decreto 1299/2006 do 10 de novembro, **corresponde ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social**, previo informe do Ministerio de Sanidade e da Comisión Nacional de Seguridade Social e Saúde no Traballo. Ademais, a cualificación como enfermidade profesional corresponde á entidade xestora competente, neste caso o Instituto Social da Mariña.

Polo tanto, queda claro que nin a Xunta de Galicia nin a súa Consellería do Mar teñen competencias nesta materia.

Debemos destacar que na Lei 47/2015, do 21 de outubro, reguladora da protección social das persoas traballadoras do sector marítimo pesqueiro, inclúe as redeiras, ben como traballadoras por conta allea (art.3) (suposto excepcional) ou ben como traballadoras por conta propia ou autónomos, regulados no artigo 4.

A Consellería do Mar ten organizado xornadas tanto respecto da súa problemática laboral como de concienciación da necesidade de afiliación á Seguridade Social, ao efecto de obter os dereitos e beneficios de carácter asistencial e doutros tipos regulados en dita norma.

Tamén destacamos que a Lei 6/2017 de Reformas Urxentes do Traballo Autónomo introduce reformas importantes respecto destes traballadores/as, no que se encadran de forma

maioritaria as redeiras. Nesta regulación resulta de especial interese a modificación operado polo artigo 14 da devandita lei en relación coa cobertura das continxencias profesionais deste tipo de traballadores/as, modificando o artigo 316 do Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social no que se regulan tanto os accidentes no traballo destes autónomos e se di de xeito claro e preciso que *‘entenderase a idénticos efectos, por enfermidade profesional la contraída como consecuencia del trabajo ejecutado por cuenta propia , que esté provocada por la acción de los elementos y substancias y en las actividades que se especifican en la lista de enfermedades profesionales con las relaciones de las principales actividades capaces de producirlas, anexa al Real Decreto 1299/2006...’* o que supón un fito esencial na materia que nos ocupa.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2018 10:10
Nº Rexistro: 33062
Data envío: 03/07/2018 10:10:42.779

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/07/2018 10:10:38



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 29833**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a valoración e as xestións realizadas polo Goberno galego respecto das posibilidades de pesca da xarda da frota galega das artes distintas ás do cerco e do arrastre en relación coas do resto das comunidades autónomas que pescan no caladoiro do Cantábrico-Noroeste”**, (publicada no BOPG número 300 do 4 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Cabe lembrar que este asunto foi respondido na Comisión 8ª do 27 de abril de 2018, pola directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, a través da iniciativa 24918.

Efectivamente neste ano 2018 reduciuse o TAC para a xarda nun 20%, pero tamén debemos lembrar que viñamos dunha situación na que se pretendía unha redución dun 43%.

En canto á existencia de privilexios nas pesquerías, en función do lugar no que se resida, tal e como se indica na segunda pregunta, sinalar que non é exacto. A xestión da cota á que nos estamos a referir é precisamente provincial, correspondéndolle á flota de cada provincia, a través da súa federación provincial de confrarías, a proposta da data de apertura da pesquería dirixida de xarda, os cupos para a pesquería dirixida, e a reserva ou non dunha cantidade para a pesca accesoria desta especie.

No tinxinte á solicitude de acordos de equilibrio que permitan equiparar as posibilidades de pesca de xarda, indicar que o reparto por provincias faise en base a unha clave de porcentaxes baseada nas capturas que viña facendo cada flota. Por exemplo, no caso de Galicia, a de Lugo e a da Coruña incorporáronse antes a esa pesquería, polo que en suma, correspóndelle maior cantidade de cota.

É por isto que o goberno Galego mantivo unha postura de absoluto respecto ás normas e ás decisións de xestión do propio sector, como non podía ser doutro xeito.

A realidade é que a frota de artes menores descargou en 2017 un total de 18.500 Tn e facturou 105 M€, mantendo unha evolución positiva tanto en descargas (+6%) coma en vendas (+4,8%) con respecto a 2016.

Outro dato importante é que desde a aplicación deste reparto provincial, mellorou a descarga e facturación de xarda por parte da frota de artes menores:

- A media de descargas nestes sete anos medrou nun 117% respecto á media anual dos dez anos anteriores (2005-2007).
- A media de facturación anual medrou nun 191% respecto á media anual dos dez anos anteriores.
- Prezo medio medrou nun 20% con respecto aos dez anos anteriores.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32966
Data envío: 29/06/2018 15:02:15.113

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/06/2018 15:02:11



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30406**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e dona María de la Concepción Burgo López, sobre **“os resultados, correspondentes ao curso 2016/2017, dos indicadores asociados á medida "M1. Elaborar orientacións para a valoración de materiais didácticos desde o punto de vista da perspectiva de xénero", reflectida no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020”**, (publicada no BOPG número 302 do 9 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 27424 e debatida na Comisión 4ª de data 05/04/2018. Asemade, de xeito complementario tamén houbo referencias á implantación do I Plan de Igualdade en centros educativos de Galicia na comparecencia 32248, que tivo lugar na sesión plenaria de data 19/06/2018.

Cabe sinalar que a educación é un factor fundamental para a igualdade, pero a educación ten que ser unha responsabilidade compartida por todos, polos centros educativos, pero tamén polos medios de comunicación, polos representantes políticos, polas empresas, polas familias, etc. A educación en igualdade supera ao sistema educativo e implica ao conxunto da sociedade.

Neste contexto, a Consellería de Cultura, Educación e OU está comprometida no traballo a prol da igualdade e na prevención da violencia machista no conxunto da sociedade; ao tempo que se afonda na consecución dunha boa convivencia nos centros educativos, para o que en Galicia está activa a Estratexia Galega da Convivencia-Educonvives.

Asemade, nesta importante tarefa de avanzar cara a igualdade, como non podía ser doutro xeito, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación colabora coa Secretaría Xeral de Igualdade, adscrita á Vicepresidencia da Xunta de Galicia, conscientes de que estamos ante un asunto complexo e que precisa dun enfoque integral, así como da implicación de distintos departamentos.

Froito desta colaboración xurdiu o I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020. Reiteramos que o desenvolvemento deste plan busca acadar unha sociedade máis xusta e igualitaria a través da formación e a educación de toda a comunidade educativa.

Galicia é unha das poucas comunidades cun plan deste tipo e, como se ten manifestado en reiteradas ocasións, trátase dun documento que prevé diferentes medidas ao longo de varios anos; por tanto, que ten unha implantación progresiva no horizonte temporal previsto.

Hai que salientar positivamente a acollida das accións levadas adiante nos cursos escolares que leva activo o devandito Plan. Ao respecto, reiteramos o compromiso da Xunta de Galicia para seguir a consolidar as medidas desenvoltas ata o momento e para continuar a progresiva implantación das medidas e accións previstas ata o horizonte de 2020.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2018 10:08
Nº Rexistro: 33057
Data envío: 03/07/2018 10:08:52.714

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/07/2018 10:08:48



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30409**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e dona María de la Concepción Burgo López, sobre **“os resultados, correspondentes ao curso 2016/2017, dos indicadores asociados á medida "M2. Revisar materiais didácticos vinculados a programas e proxectos educativos co fin de garantir a perspectiva de xénero", reflectida no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020”**, (publicada no BOPG número 302 do 9 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 27424 e debatida na Comisión 4ª de data 05/04/2018. Asemade, de xeito complementario tamén houbo referencias á implantación do I Plan de Igualdade en centros educativos de Galicia na comparecencia 32248, que tivo lugar na sesión plenaria de data 19/06/2018.

Cabe sinalar que a educación é un factor fundamental para a igualdade, pero a educación ten que ser unha responsabilidade compartida por todos, polos centros educativos, pero tamén polos medios de comunicación, polos representantes políticos, polas empresas, polas familias, etc. A educación en igualdade supera ao sistema educativo e implica ao conxunto da sociedade.

Neste contexto, a Consellería de Cultura, Educación e OU está comprometida no traballo a prol da igualdade e na prevención da violencia machista no conxunto da sociedade; ao tempo que se afonda na consecución dunha boa convivencia nos centros educativos, para o que en Galicia está activa a Estratexia Galega da Convivencia-Educonvives.

Asemade, nesta importante tarefa de avanzar cara a igualdade, como non podía ser doutro xeito, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación colabora coa Secretaría Xeral de Igualdade, adscrita á Vicepresidencia da Xunta de Galicia, conscientes de que estamos ante un asunto complexo e que precisa dun enfoque integral, así como da implicación de distintos departamentos.

Froito desta colaboración xurdiu o I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020. Reiteramos que o desenvolvemento deste plan busca acadar unha sociedade máis xusta e igualitaria a través da formación e a educación de toda a comunidade educativa.

Galicia é unha das poucas comunidades cun plan deste tipo e, como se ten manifestado en reiteradas ocasións, trátase dun documento que prevé diferentes medidas ao longo de varios anos; por tanto, que ten unha implantación progresiva no horizonte temporal previsto.

Hai que salientar positivamente a acollida das accións levadas adiante nos cursos escolares que leva activo o devandito Plan. Ao respecto, reiteramos o compromiso da Xunta de Galicia para seguir a consolidar as medidas desenvoltas ata o momento e para continuar a progresiva implantación das medidas e accións previstas ata o horizonte de 2020.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2018 10:08
Nº Rexistro: 33056
Data envío: 03/07/2018 10:08:44.542

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/07/2018 10:08:40



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30411**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e dona María de la Concepción Burgo López, sobre **“os resultados, correspondentes ao curso 2016/2017, dos indicadores asociados á medida "M3. Difundir a táboa de avaliación de materiais didácticos desde o punto de vista da perspectiva da xénero entre a comunidade educativa", reflectida no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020”**, (publicada no BOPG número 302 do 9 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 27424 e debatida na Comisión 4ª de data 05/04/2018. Asemade, de xeito complementario tamén houbo referencias á implantación do I Plan de Igualdade en centros educativos de Galicia na comparecencia 32248, que tivo lugar na sesión plenaria de data 19/06/2018.

Cabe sinalar que a educación é un factor fundamental para a igualdade, pero a educación ten que ser unha responsabilidade compartida por todos, polos centros educativos, pero tamén polos medios de comunicación, polos representantes políticos, polas empresas, polas familias, etc. A educación en igualdade supera ao sistema educativo e implica ao conxunto da sociedade.

Neste contexto, a Consellería de Cultura, Educación e OU está comprometida no traballo a prol da igualdade e na prevención da violencia machista no conxunto da sociedade; ao tempo que se afonda na consecución dunha boa convivencia nos centros educativos, para o que en Galicia está activa a Estratexia Galega da Convivencia-Educonvives.

Asemade, nesta importante tarefa de avanzar cara a igualdade, como non podía ser doutro xeito, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación colabora coa Secretaría Xeral de Igualdade, adscrita á Vicepresidencia da Xunta de Galicia, conscientes de que estamos ante un asunto complexo e que precisa dun enfoque integral, así como da implicación de distintos departamentos.

Froito desta colaboración xurdiu o I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020. Reiteramos que o desenvolvemento deste plan busca acadar unha sociedade máis xusta e igualitaria a través da formación e a educación de toda a comunidade educativa.

Galicia é unha das poucas comunidades cun plan deste tipo e, como se ten manifestado en reiteradas ocasións, trátase dun documento que prevé diferentes medidas ao longo de varios anos; por tanto, que ten unha implantación progresiva no horizonte temporal previsto.

Hai que salientar positivamente a acollida das accións levadas adiante nos cursos escolares que leva activo o devandito Plan. Ao respecto, reiteramos o compromiso da Xunta de Galicia para seguir a consolidar as medidas desenvoltas ata o momento e para continuar a progresiva implantación das medidas e accións previstas ata o horizonte de 2020.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2018 10:08
Nº Rexistro: 33055
Data envío: 03/07/2018 10:08:36.292

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/07/2018 10:08:32



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30414**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e dona María de la Concepción Burgo López, sobre **“os resultados, correspondentes ao curso 2016/2017, dos indicadores asociados á medida "M4. Realizar publicacións divulgativas para o profesorado co fin de difundir os principios da coeducación, da igualdade e da educación afectiva e sexual na comunidade educativa", reflectida no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020”**, (publicada no BOPG número 302 do 9 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 27424 e debatida na Comisión 4ª de data 05/04/2018. Asemade, de xeito complementario tamén houbo referencias á implantación do I Plan de Igualdade en centros educativos de Galicia na comparecencia 32248, que tivo lugar na sesión plenaria de data 19/06/2018.

Cabe sinalar que a educación é un factor fundamental para a igualdade, pero a educación ten que ser unha responsabilidade compartida por todos, polos centros educativos, pero tamén polos medios de comunicación, polos representantes políticos, polas empresas, polas familias, etc. A educación en igualdade supera ao sistema educativo e implica ao conxunto da sociedade.

Neste contexto, a Consellería de Cultura, Educación e OU está comprometida no traballo a prol da igualdade e na prevención da violencia machista no conxunto da sociedade; ao tempo que se afonda na consecución dunha boa convivencia nos centros educativos, para o que en Galicia está activa a Estratexia Galega da Convivencia-Educonvives.

Asemade, nesta importante tarefa de avanzar cara a igualdade, como non podía ser doutro xeito, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación colabora coa Secretaría Xeral de Igualdade, adscrita á Vicepresidencia da Xunta de Galicia, conscientes de que estamos ante un asunto complexo e que precisa dun enfoque integral, así como da implicación de distintos departamentos.

Froito desta colaboración xurdiu o I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020. Reiteramos que o desenvolvemento deste plan busca acadar unha sociedade máis xusta e igualitaria a través da formación e a educación de toda a comunidade educativa.

Galicia é unha das poucas comunidades cun plan deste tipo e, como se ten manifestado en reiteradas ocasións, trátase dun documento que prevé diferentes medidas ao longo de varios anos; por tanto, que ten unha implantación progresiva no horizonte temporal previsto.

Hai que salientar positivamente a acollida das accións levadas adiante nos cursos escolares que leva activo o devandito Plan. Ao respecto, reiteramos o compromiso da Xunta de Galicia para seguir a consolidar as medidas desenvoltas ata o momento e para continuar a progresiva implantación das medidas e accións previstas ata o horizonte de 2020.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2018 10:08
Nº Rexistro: 33054
Data envío: 03/07/2018 10:08:27.667

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/07/2018 10:08:24



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30417**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e dona María de la Concepción Burgo López, sobre **“os resultados, correspondentes ao curso 2016/2017, dos indicadores asociados á medida "M5. Realizar accións informativas con recomendacións sobre aspectos de organización e planificación nos centros desde o respecto e a integracións da igualdade", reflectida no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020”**, (publicada no BOPG número 302 do 9 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 27424 e debatida na Comisión 4ª de data 05/04/2018. Asemade, de xeito complementario tamén houbo referencias á implantación do I Plan de Igualdade en centros educativos de Galicia na comparecencia 32248, que tivo lugar na sesión plenaria de data 19/06/2018.

Cabe sinalar que a educación é un factor fundamental para a igualdade, pero a educación ten que ser unha responsabilidade compartida por todos, polos centros educativos, pero tamén polos medios de comunicación, polos representantes políticos, polas empresas, polas familias, etc. A educación en igualdade supera ao sistema educativo e implica ao conxunto da sociedade.

Neste contexto, a Consellería de Cultura, Educación e OU está comprometida no traballo a prol da igualdade e na prevención da violencia machista no conxunto da sociedade; ao tempo que se afonda na consecución dunha boa convivencia nos centros educativos, para o que en Galicia está activa a Estratexia Galega da Convivencia-Educonvives.

Asemade, nesta importante tarefa de avanzar cara a igualdade, como non podía ser doutro xeito, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación colabora coa Secretaría Xeral de Igualdade, adscrita á Vicepresidencia da Xunta de Galicia, conscientes de que estamos ante un asunto complexo e que precisa dun enfoque integral, así como da implicación de distintos departamentos.

Froito desta colaboración xurdiu o I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020. Reiteramos que o desenvolvemento deste plan busca acadar unha sociedade máis xusta e igualitaria a través da formación e a educación de toda a comunidade educativa.

Galicia é unha das poucas comunidades cun plan deste tipo e, como se ten manifestado en reiteradas ocasións, trátase dun documento que prevé diferentes medidas ao longo de varios anos; por tanto, que ten unha implantación progresiva no horizonte temporal previsto.

Hai que salientar positivamente a acollida das accións levadas adiante nos cursos escolares que leva activo o devandito Plan. Ao respecto, reiteramos o compromiso da Xunta de Galicia para seguir a consolidar as medidas desenvoltas ata o momento e para continuar a progresiva implantación das medidas e accións previstas ata o horizonte de 2020.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2018 10:08
Nº Rexistro: 33053
Data envío: 03/07/2018 10:08:20.151

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/07/2018 10:08:15



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30419**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e dona María de la Concepción Burgo López, sobre **“os resultados, correspondentes ao curso 2016/2017, dos indicadores asociados á medida "M6. Fornecer pautas para a revisión dos documentos internos dos centros para explicitar as medidas reeducativas e reparadoras aplicables no caso de condutas contrarias á convivencia por razón de xénero", reflectida no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020”**, (publicada no BOPG número 302 do 9 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 27424 e debatida na Comisión 4ª de data 05/04/2018. Asemade, de xeito complementario tamén houbo referencias á implantación do I Plan de Igualdade en centros educativos de Galicia na comparecencia 32248, que tivo lugar na sesión plenaria de data 19/06/2018.

Cabe sinalar que a educación é un factor fundamental para a igualdade, pero a educación ten que ser unha responsabilidade compartida por todos, polos centros educativos, pero tamén polos medios de comunicación, polos representantes políticos, polas empresas, polas familias, etc. A educación en igualdade supera ao sistema educativo e implica ao conxunto da sociedade.

Neste contexto, a Consellería de Cultura, Educación e OU está comprometida no traballo a prol da igualdade e na prevención da violencia machista no conxunto da sociedade; ao tempo que se afonda na consecución dunha boa convivencia nos centros educativos, para o que en Galicia está activa a Estratexia Galega da Convivencia-Educonvives.

Asemade, nesta importante tarefa de avanzar cara a igualdade, como non podía ser doutro xeito, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación colabora coa Secretaría Xeral de Igualdade, adscrita á Vicepresidencia da Xunta de Galicia, conscientes de que estamos ante un asunto complexo e que precisa dun enfoque integral, así como da implicación de distintos departamentos.

Froito desta colaboración xurdiu o I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020. Reiteramos que o desenvolvemento deste plan busca acadar unha sociedade máis xusta e igualitaria a través da formación e a educación de toda a comunidade educativa.

Galicia é unha das poucas comunidades cun plan deste tipo e, como se ten manifestado en reiteradas ocasións, trátase dun documento que prevé diferentes medidas ao longo de varios anos; por tanto, que ten unha implantación progresiva no horizonte temporal previsto.

Hai que salientar positivamente a acollida das accións levadas adiante nos cursos escolares que leva activo o devandito Plan. Ao respecto, reiteramos o compromiso da Xunta de Galicia para seguir a consolidar as medidas desenvoltas ata o momento e para continuar a progresiva implantación das medidas e accións previstas ata o horizonte de 2020.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2018 10:08
Nº Rexistro: 33052
Data envío: 03/07/2018 10:08:11.838

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/07/2018 10:08:07



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30421**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e dona María de la Concepción Burgo López, sobre **“os resultados, correspondentes ao curso 2016/2017, dos indicadores asociados á medida "M7. Crear un espazo web dentro do portal educativo para difundir a información en materia de igualdade de interese para a comunidade educativa", reflectida no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020”**, (publicada no BOPG número 302 do 9 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 27424 e debatida na Comisión 4ª de data 05/04/2018. Asemade, de xeito complementario tamén houbo referencias á implantación do I Plan de Igualdade en centros educativos de Galicia na comparecencia 32248, que tivo lugar na sesión plenaria de data 19/06/2018.

Cabe sinalar que a educación é un factor fundamental para a igualdade, pero a educación ten que ser unha responsabilidade compartida por todos, polos centros educativos, pero tamén polos medios de comunicación, polos representantes políticos, polas empresas, polas familias, etc. A educación en igualdade supera ao sistema educativo e implica ao conxunto da sociedade.

Neste contexto, a Consellería de Cultura, Educación e OU está comprometida no traballo a prol da igualdade e na prevención da violencia machista no conxunto da sociedade; ao tempo que se afonda na consecución dunha boa convivencia nos centros educativos, para o que en Galicia está activa a Estratexia Galega da Convivencia-Educonvives.

Asemade, nesta importante tarefa de avanzar cara a igualdade, como non podía ser doutro xeito, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación colabora coa Secretaría Xeral de Igualdade, adscrita á Vicepresidencia da Xunta de Galicia, conscientes de que estamos ante un asunto complexo e que precisa dun enfoque integral, así como da implicación de distintos departamentos.

Froito desta colaboración xurdiu o I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020. Reiteramos que o desenvolvemento deste plan busca acadar unha sociedade máis xusta e igualitaria a través da formación e a educación de toda a comunidade educativa.

Galicia é unha das poucas comunidades cun plan deste tipo e, como se ten manifestado en reiteradas ocasións, trátase dun documento que prevé diferentes medidas ao longo de varios anos; por tanto, que ten unha implantación progresiva no horizonte temporal previsto.

Hai que salientar positivamente a acollida das accións levadas adiante nos cursos escolares que leva activo o devandito Plan. Ao respecto, reiteramos o compromiso da Xunta de Galicia para seguir a consolidar as medidas desenvoltas ata o momento e para continuar a progresiva implantación das medidas e accións previstas ata o horizonte de 2020.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2018 10:08
Nº Rexistro: 33051
Data envío: 03/07/2018 10:08:01.573

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/07/2018 10:07:57



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30423**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e dona María de la Concepción Burgo López, sobre **“os resultados, correspondentes ao curso 2016/2017, dos indicadores asociados á medida "M8. Realizar accións formativas sobre materiais didácticos coeducativos", reflectida no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020”**, (publicada no BOPG número 302 do 9 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 27424 e debatida na Comisión 4ª de data 05/04/2018. Asemade, de xeito complementario tamén houbo referencias á implantación do I Plan de Igualdade en centros educativos de Galicia na comparecencia 32248, que tivo lugar na sesión plenaria de data 19/06/2018.

